



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Sinale a opción correcta:

- A) Ourensá, ourensana, compostelá, compostelana.
- B) Ourensá, ourensán, compostelá, compostelana.
- C) Ourensá, ourensán, compostelá, compostelán.
- D) Ourensá, ourensana, compostelá, compostelán.

2. Sinale a opción correcta:

- A) Parasito, estranxeiro, móbil, varrer.
- B) Parásito, extranxeiro, móvil, barrer.
- C) Paráxito, estranxeiro, móbil, barrer.
- D) Parásito, estranxeiro, móvil, varrer.

3. Punto onde o brazo se articula coa man:

- A) Muñeca.
- B) Boneca.
- C) Pulso.
- D) Pulseira.

4. Sinale a frase correcta:

- A) Quero un pouco de asucre no leite.
- B) Quero un pouco de azucre na leite.
- C) Quero un pouco de azucre no leite.
- D) Quero un pouco de asucre na leite.

5. Sinale a resposta correcta:

- A) Que che doe? Dóeme o ombro e o cóbado.
- B) Qué che doe? Dóeme o ombro e o cóvado.
- C) Que te doe? Dóeme o hombro e o cóbado.
- D) Qué te doe? Dóeme o hombro e o cóvado.

6. Sinale a serie correcta:

- A) Febrero, setembro, outubro, decembro.
- B) Febrero, setembro, outubro, decembro.
- C) Febreiro, setembro, outubro, decembro.
- D) Febreiro, setembro, outubro, decembro.

7. Indica a conxugación correcta:

- A) Toso, toses, tose, tosemos, tosedes, tosen.
- B) Tuso, toses, tose, tusimos, tusides, tosen.
- C) Toso, toses, tose, tusimos, tusides, tosen.
- D) Tuso, tuses, tuse, tusimos, tusides, tusen.

8. Sensación de perda do equilibrio e de caída que senten certas persoas ante o baleiro:

- A) Vértixe.
- B) Vertixe.
- C) Vértigo.
- D) Bértixe.

9. Sinale a serie correcta:

- A) Luns, miércoles, xueves, venres.
- B) Luns, mércores, xoves, venres.
- C) Luns, mércores, xueves, venres.
- D) Lunes, mércores, xoves, viernes.

10. Sinale a resposta correcta:

- A) Cirurxía, cirurxiano, cirurxiana.
- B) Ciruxía, ciruxián, ciruxiá.
- C) Ciruxía, ciruxiano, ciruxiana.
- D) Cirurxía, cirurxián, cirurxiá.

Preguntas de reserva

1. Sinale a frase correcta:

- A) Detectáronlle unha fisura na omóplata.
- B) Detectáronlle unha fisura no omóplato.
- C) Detectáronlle unha fisura no homóplato.
- D) Detectáronlle unha fisura na omoplata.

2. Sinale a opción INCORRECTA:

- A) Isto.
- B) Istos.
- C) Este.
- D) Estes.